


queres ser a estrela do nadal betanceiro? 

CONCURSO DE CARTEIS DO NADAL ★ CONCELLO DE BETANZOS 2020



Bases:

1. O motivo do cartel será o Nadal.
2. Poderá participar neste concurso todo o alumnado que estea a cursar a educación infantil, primaria e con diversidade funcional no noso municipio.
3. O cartel deberá realizarse nunha cartolina de 40x30 cm con calquera técnica artística.
4. O idioma utilizado no cartel deberá ser o galego.
5. Os carteis só poderán realizarse de xeito individual.
6. Un mesmo/a alumno/a só pode participar cun cartel.
7. Os carteis deberán indicar na súa marxe inferior dereita o nome do/a autor/a, así como o curso e centro de ensino a que pertence.
8. Os carteis que opten a este concurso poderán presentarse ata o martes 24 de novembro nos centros de ensino onde estuden.

Xurado:

O xurado estará formado polos seguintes membros:
Alcaldesa de Betanzos ou concelleiro/a en que delegue e un representante do profesorado de cada un dos centros de ensino de Betanzos participante.

Será competente para interpretar as presentes bases e tomar as decisións pertinentes.

O fallo do xurado, que será inapelable, publicarase nos medios de comunicación.

A participación no presente concurso supón a total aceptación das presentes bases.

Premios:

Concederase un primeiro premio ao cartel seleccionado polo xurado, así como os accésits que estime, que consistirán en material didáctico.

O cartel escollido será o que ilustre o XXXVIII Programa de festexos do Nadal e Aninovo do Concello de Betanzos.